

16

Buenos Aires, 2 de Marzo de 1972.

Sr.D. Ramón Piñeiro

Santiago

Querido Piñeiro:

Agradézoche moito a tua crta do 21/II/72, pois non tiña noticia nengunha de que as oposicións de Carballo Calero poderían sere para estas datas, mais ben matinaba que terían de sere, non sei por qué, no vrau. Destaves ~~non~~ o vin, pois as moitas idas a Santiago foron sempre por breves horas a pra atoparme coa familia da que teño unha chea nesa cidade. Hoxe escribolle felicitándoo. Penso que é unha moi boa adquisición pra Universidade. Noutras condicións fai xa anos que tiña de sere cadeirán dego da Universidade Compostelán.

Pola miña parte traballo illado. Renunciéi a unhas disposicións de obras miñas proieitadas polo Ministerio de Relacións Exteriores deiquí polas razóns que te imaxinarás i en solidariedade con outros pintores con obras censuradas polos seus temas. Mais estou contento do traballo. Traballo tamén nunha escolma de crónicas que foron pra a radio deiquí referidas a cusas galegas e que cecáis remitiréille a Paco.

Trátase de crónicas encol de temas moi pouco tratados. Traballo, esto é todo, e remítolle as "Figuracións" que podo a "La Voz de Galicia".

Saídos moi garimosos a Maruxa e meus pra Isabel, pra tua irmán e pra tí. Mais unha aperta grande pra tí de: